





1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Caión. Concello: Arteixo. Parroquia: A parte central e oriental da unidade está ocupada por San Xíán de Barrañán; Santa Mariña de Lañas e San Pedro de Armentón aparecen nas esquinas ao sueste e sur; Santaia de Chamín, a parte occidental, agás a esquina suroeste, na que está San Pedro de Sorrizo. Extensión: 4,45 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Ampla enseada de aspecto rectangular, o que adoita estar relacionado cun corredor tectónico amplo. Seguramente sumáronse á fractura principal central norte-sur, outras menos importantes entre a que destaca a valgada lateral da Lagoa. Configúrase así, tras o grande complexo sedimentario da Praia de Barrañán, unha vertente bastante regular e de contacto bastante regularizado coas elevacións laterais que encaixan o gran suco. Non hai sensación de val, senón de chaira costeira. Máis encaixado queda o val lateral da Lagoa, limitado por relevos residuais de materiais graníticos como as elevacións de Ribón da Viñas, O Castro e Monte da Brea, que oscilan arredor dos 150 m.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade bastante variada. A parte oriental está composta por un granito cataclástico de dúas micas (que algúns denominan ortogneis) ao NE, e o Dominio da Serie de Ordes cos seus materiais metamórficos, ao SE. Na parte central e occidental, en bandas de orientación NNE-SSO, aparecen un leucogranito encaixado en gabros, metagabros e epidoritas. No extremo occidental volve aparecer o granito cataclástico, nunha banda de orientación NE -SO. Na unidade de gabros poden aparecer lentellóns de materiais metamórficos da Serie de Ordes, restos da erosión de rochas encaixantes dos materiais intrusivos. O Cuaternario preséntase nos sedimentos de praias e dunas de Barrañán.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Complexo sedimentario e val inclúense no dominio climático Cálido e Subhúmido: temperatura media anual maior de 14° C e oscilación térmica ao redor de 13° C; precipitacións entre 1000 mm e 1200 mm anuais. A vertente occidental do Monte Angra e o alto de Barbeito acumulan ata 1400 mm de precipitación ao ano debido ao efecto de barreira orográfica ante os ventos húmidos oceánicos.

OS SOLOS

Topografía e litoloxía explican a catena de solos existente. Nas partes altas laterais, con materiais graníticos, aparece cambisoles eútricos. Na parte baixa central, de dominio xistoso, aparecen fluvisoles hápticos, solos máis evolucionados. O escaso desenvolvemento sobre materiais graníticos en Monte Barbeito, só dá lugar a regosoles no extremo leste da unidade. É posible atopar arenosoles no espazo sedimentario eólico anexo á praia de Barrañán.


AS AUGAS

A rede fluvial está representada principalmente polo curso baixo do Río de Barrañán, que forma un amplo val tras o complexo sedimentario. As augas continentais verten principalmente á masa de Augas Costeiras da costa de Arteixo (20129). Un pequeno sector no extremo occidental da unidade faino na veciña masa de Augas Costeiras da costa de Lourido (20130).

O PATRIMONIO NATURAL

Sector máis próximo á liña de costa, incluíndo o campo de dunas, protexida polo LIC Costa da Morte. O complexo sedimentario de Barrañán presenta os hábitats de dunas do grupo 21, os atlánticos e, potencialmente, o 2230, Dunas con céspedes de *Malcolmietalia* e 2260, Dunas con vexetación esclerófila de *Cisto-Lavanduletalia*. Praia e sectores acantilados dos extremos con representación do hábitat 1230 de acantilados costeiros atlánticos, e na vertente algún sector de matogueira asimilable a unha breixeira seca (4030 e 4040). Hábitats de interior aglutinados no río de Barrañán e na depresión da chaira costeira. Aparecen áreas hidromorfas con carrizal que denuncia a antiga existencia dun espazo lagoar costeiro. Acompañando a esta área húmida que acada as 18 ha, aparece un bosque de ribeira de considerables dimensións (91E0) (algo menos de 10 ha). Aparecen tamén algúns bosquetes de recolonización de frondosas, pero a actividade agrícola é aínda elevada.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na parte central da unidade predomina o espazo cultivado, con presenza dalgún bosque de recolonización. Ao redor desta área hai unha zona máis elevada onde atopamos árbores de repoboación e matogueiras de substitución ligadas ambas as dúas a campos de cultivo abandonados. O rego de Sisalde atravesa a unidade polo centro de sur a norte. Arredor del desenvólvese unha franxa na que aparecen formacións de bosque de ribeira, solos hidromorfos e outras masas de auga que enlazan co cordón de dunas da praia de Barrañán. Nos extremos desta praia podemos ver acantilados como os que aparecen en Punta do Compás, O Reiro ou Punta Alta. As edificacións aparecen repartidas pola unidade alternando cos campos de cultivo e ligadas á rede de estradas formando pequenos núcleos de poboación. Mencionar, ao tempo, a presenza dunha canteira no extremo sudoriental da praia de Barrañán, preto de Punta do Compás.

MORFOLOXÍA

Apenas se mantén a forma de asentamentos tradicional. A aldea ve modificada a súa estrutura concentrada pola aparición de novas edificacións que seguen un continuo lineal, dando como resultado un espazo rural caracterizado pola dispersión de vivendas dentro dun ámbito espacial antes ocupado por actividades agrícolas. Estas novas edificacións aparecen a partir dos anos 60 ligadas ao desenvolvemento turístico do litoral galego e ao poder de atracción que supón como lugar de vacacións onde instalar unha segunda residencia unifamiliar. Pola súa banda, os núcleos de poboación orixinais, cunha morfoloxía máis compacta, experimentan un crecemento radial debido á construción de vivendas de nova xeración no seu contorno inmediato, o que tende a unir poboacións próximas tal e como acontece no lugar de Chamín, principal asentamento da unidade.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Aparecen tres estradas principais a partir das cales se xerarquiza o resto da rede viaria do sector, por unha parte a C-0514 (Caión), por outra a C-0505 e por último a C-0506. Todas elas forman parte da rede de estradas de ámbito comarcal que enlazan coa AC-552 e comunica os núcleos deste sector coas cabeceiras municipais: Carballo, Arteixo ou a propia capital provincial, A Coruña. Ao redor destas vías de comunicación desenvólvense os primeiros asentamentos que foron diversificando a súa trama ata chegar a xerarquizarse sobre unha trama de pequenas estradas locais que unen as diferentes edificacións formando unha densa rede de camiños e pistas asfaltadas.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A unidade, malia non contar cun elevado número de asentamentos, conta cun grande número de elementos patrimoniais notables. A presenza dun depósito de idade neolítica confírmase coa existencia de dous enclaves castrens (Couto do Castelo e Castro do Chamín) situados en senllas elevacións do terreo para aproveitar a súa vantaxe defensiva. Esta riqueza arqueolóxica complétase con diferentes fitos patrimoniais de importancia repartidos nas diferentes cabeceiras parroquiais que se inclúen na unidade. Así, atopamos elementos arquitectónicos vinculados á agricultura e o cultivo do millo como hórreos e muíños destinados á conservación e tratamento do cereal. Así mesmo casas e Pazos de porte señorial completan, xunto con outros elementos de menor entidade, un catálogo de elementos históricos ligados aos usos e tipo de poboamento tradicional de Galicia.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A morfoloxía da unidade determina o seu carácter rural, vinculado á existencia dun val de gran fertilidade caracterizado polo minifundismo. Non obstante, dende mediados do século pasado, parcelas cultivadas van sendo abandonadas e ocupada por novos usos e formas de aproveitamento, como son as plantacións de especies forestais de rápido crecemento, novas edificacións ou bosquetes de recolonización. Este feito, cada vez máis marcado, tende a modificar o carácter agrícola da unidade. Por outra banda, nas ladeiras, os usos tradicionais derivados do aproveitamento do bosque orixinal substitúense por actividades silvícolas intensivas ligadas ao piñeiral e ao eucalipto. A presenza da praia de Barrañán como peche do val no seu extremo setentrional serve para completar a escena e articular o resto dos elementos da paisaxe arredor dela.

DINÁMICA DA PAISAXE

A paisaxe da unidade sofre unha serie de transformacións derivadas do proceso de substitución dos usos agrícolas iniciais e da especialización produtiva daquelas parcelas que continúan mantendo actividades do sector primario. Así pois, prodúcese un claro abandono de campos de cultivo, que agora aparecen cubertos de especies arbustivas, ao tempo que se introducen especies arbóreas de crecemento rápido (eucalipto), que substitúen ás pradarias nas ladeiras da orla montañosa que bordea a escena. Este feito modifica totalmente a paisaxe da zona, dado que os afloramentos rochosos desaparecen en favor das masas arbóreas e a percepción do espazo se ve modificada. O abandono das terras de cultivo leva aparellada a liberación de terras que agora se poden destinar a outros usos. Neste caso pásase dunha morfoloxía de poboamento estritamente rural, tipificada en aldeas perfectamente concentradas, a unha ocupación lineal do solo, aproveitando as vías de comunicación. A aparición de núcleos dispersos está directamente relacionada co abandono dos campos de cultivo que agora son ocupados por segundas residencias. Estas vivendas, que aparecen dun modo anárquico e sen planificación previa, aproveitan aquelas parcelas que quedan libres do seu uso tradicional, provocando a aparición de novos camiños e estradas. Por outro lado, a tipoloxía minifundista das parcelas, situadas nunha paisaxe de campos abertos, tradúcese nunha maior esixencia ao solo, feito que se resolve coa aparición de invernadoiros naquelas parcelas onde aínda se practican os labores de campo co obxecto de obter unha maior produtividade da terra. Por último, debe citarse a actividade relacionada coa extracción de áridos no extremo oriental da unidade que modifica completamente a morfoloxía da vertente oriental da escena.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

En termos xerais, pódese dicir que a unidade presenta unha boa situación de partida xa que aínda se conservan os valores tradicionais que a caracterizan. Obsérvase con nitidez a morfoloxía parcelaria típica do minifundismo agrario en Galicia e aínda prevalecen núcleos tradicionais como o de Chamín, polo que a calidade paisaxística e cultural do contorno é boa. Non obstante, pódense ver procesos de cambio vinculados á aparición de novas edificacións e á realización de actividades industriais que poden repercutir no medio e influír no bo estado da fachada litoral. Pola súa banda, o areal mantén a forma e características propias dunha praia venteada e aberta ao mar como é a de Barrañán. Mantense a dinámica natural das dunas podendo observarse un gradiente de fitoestabilización dende a costa cara ao interior ligado á colonización da area por especies vexetais de grande importancia no ecosistema litoral. Estes elementos da fronte costeira, incluíndo as áreas de acantilados e as formacións vexetais costeiras están protexidos polo LIC e a ZEPVN de Costa da Morte. A todo iso hai que sumarlle a calidade do sistema fluvial, que mantén elementos ambientais de gran valor natural como o bosque de ribeira ou a zona de marisma, formándose un corredor ecolóxico no centro da unidade que comunica directamente o interior coa costa sen ningún elemento antrópico que altere ou modifique este tránsito. Ademais, é posible afirmar que o fondo escénico contribúe a dar homoxeneidade e compactidade á escena, incrementando a súa calidade paisaxística, feito que se pode constatar dende os puntos de observación propostos: Monte da Angra e Monte da Vila.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



